

COMUNICADO CONXUNTO SOBRE A REGULARIZACIÓN DE NÓMINAS DE 2025 A CONSELLERÍA CORRIXE POR FIN O ERRO NO CÁLCULO DE SEXENIOS E TITORÍA (27/01/2026)

As organizacións sindicais **CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP** informamos ao profesorado galego de que a Consellería de Educación **regularizou as cantidades pendentes e corrixiu o erro aplicado en 2025** no cálculo dalgúns complementos retributivos vinculados ao [Acordo sobre medidas de mellora](#) asinado a finais de 2023.

Coa publicación onte, día 26 de xaneiro, da [orde de confección de nóminas para o ano 2026](#), tamén damos por bos os cálculos para a aplicación da parte fixa da suba para este exercicio.

Que dicía o Acordo (e que tiña que pasar en 2024 e 2025)

O Acordo recollía con claridade dous tipos de melloras:

1. **Incrementos porcentuais** (10% anual, apartados 4.1 e 6 do Acordo)
 - **Sexenios** (compoñente do complemento específico por formación permanente): 10% en 2024 e 10% en 2025
 - **Titoría e outras funcións docentes** (compoñente do complemento específico por función tutorial): 10% en 2024 e 10% en 2025
2. **Incrementos en contía fixa** (20 € mensuais por anualidade, puntos 5.1 e 5.2 do Acordo)
 - Para **órganos unipersoais de goberno e outros cargos análogos, responsables de centros de menos de 3 unidades en EI e EP e función inspectora**, cunha suba de 20 € mensuais en cada un dos exercicios 2024, 2025 e 2026

Onde estivo o problema en 2025

No exercicio 2025 produciuse un pago indebido en **sexenios e titoría**: en lugar de aplicar o 10% sobre as contías xa incrementadas de 2024, **aplicouse o 10% tomando como referencia as contías de finais de 2023**. O impacto individual podía parecer pequeno, pero **era e é diñeiro do profesorado** e, ademais, **consolida unha maior base para subas posteriores**.

O traballo sindical rigoroso que fixo posible a corrección

Tras comprobar as nóminas e **esgotar a vía administrativa**, **CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP** promovemos **demanda contencioso-administrativa** contra a Consellería o pasado 24 de outubro de 2025 para esixir a corrección das nóminas do profesorado galego.

Mensaje LexNET - Acuse - Iniciador Asunto

Fecha Generación: 24/10/2025 18:01

Mensaje

IdLexNet	
IdLexnet Del Mensaje Enviado	
Asunto	Otros supuestos. Función pública
Remitente	
	Colegio de Abogados
Destinatarios	Órgano
	OF. REGISTRO Y REPARTO CONTENCIOSO/ADMTVO. de Santiago de Compostela, A Coruña
	Tipo de órgano
	JTribunal de Instancia. Sección de lo Contencioso-Administrativo/Juzgado Contencioso-Administrativo(CONTENCIOSO)
	Oficina de registro
	OF. REGISTRO Y REPARTO CONTENCIOSO/ADMTVO. []
Fecha-hora envío	24/10/2025 08:47:40

Documentos	demanda Acuerdo ratios Econ. firmado (1).pdf(Principal)	Catalogación: DEMANDA Hash del Documento: 26ba739f798e7b57efa150f030c2581d194741a889778501289711372f6bcbdd
	Acuerdo ejecutiva CCOO.pdf(Anexo)	Catalogación: DOCUMENTACIÓN INDETERMINADA Hash del Documento: 7a251561808fbdae09c95e707dee5c0d5874405c24fb4521762577e53ac847a0
	poder.pdf(Anexo)	Catalogación: DOCUMENTACIÓN REPRESENTACIÓN DE LAS PARTES PODER PARA PLEITOS ESPECIAL Hash del Documento: a965c8e28021da2289f15e9fc453e34e526971ae4b0019380acac61406a1d83
	Justificante-PR004A-20250626 ratios econ.pdf(Anexo)	Catalogación: DOCUMENTACIÓN INDETERMINADA Hash del Documento: b59affc417f6a8756707c98577ed5a1a55f83e993c5ba3893d63857698f94d56
	Acordo Executiva ugt.pdf(Anexo)	Catalogación: DOCUMENTACIÓN INDETERMINADA Hash del Documento: fd2fae7915739025f456568128054df80cbb38fec9e751f224f9515a18cdf408
	Poder UGT Galicia(3).pdf(Anexo)	Catalogación: DOCUMENTACIÓN REPRESENTACIÓN DE LAS PARTES PODER PARA PLEITOS ESPECIAL Hash del Documento: 02a6bf5d01b99ad4efe429c10e20705b4b930c87cd5ec26527b9c74c82fe29b
	Substitución poder UGT.pdf(Anexo)	Catalogación: DOCUMENTACIÓN REPRESENTACIÓN DE LAS PARTES ASISTENCIA JURÍDICA GRATUITA Hash del Documento: cd3a7acbacb387cdb3cae7551db80c7a492a8e5ae0d263fe75d46f7ab79b655d
	doc 2 Acordo CE ANPE (1).pdf(Anexo)	Catalogación: DOCUMENTACIÓN INDETERMINADA Hash del Documento: 95f9f21f2936cfc7f70f0eaf39efe05228255ecf1af61c310a1597e93706f723
	doc 1 Poder General para Pleitos presidente Anpe Galicia.pdf(Anexo)	Catalogación: DOCUMENTACIÓN REPRESENTACIÓN DE LAS PARTES PODER PARA PLEITOS ESPECIAL Hash del Documento: 80b3ee7f09d25eeb7fd48e39adcd3cf823f90b664720bd48db6df52e34c70b63

Datos del Procedimiento	Intervinientes	Número de Identificación Fiscal (NIF) [G78427002] FEDERACIÓN DE ENSEÑANZA DE COMISIONES OBRERAS [DTE] Demandante	Representantes Procesales
		Número de Identificación Fiscal (NIF) [G15383011] UGT-SP GALICIA [DTE] Demandante	Representantes Procesales
		CIF [G78248630] ANPE GALICIA SINDICATO INDEPENDIENTE [DTE] Demandante	Representantes Procesales
	Materia	Otros supuestos. Función pública	
	Tipo Cuantía	No procede	
	Organismo	XUNTA	
Estado	Repartido al JDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. N. 11 de 11 el 24/10/2025 12:52 y con Nº Registro 11 de 11		

(*) Todas las horas referidas por LexNET son de ámbito Peninsular.

En paralelo, mantivemos un traballo constante na **comisión de seguimento do Acordo**, prevista no propio texto, **para garantir o seu cumprimento e interpretación**.

Froito dese traballo serio e do consenso alcanzado coa Consellería nesta materia, **a situación quedou finalmente resolta**.

Que se cobrou e que queda confirmado

A mediados deste mes de xaneiro de 2026, o profesorado recibiu:

- **Atrasos correspondentes á suba do 2,5% en 2025** polo novo acordo marco asinado a nivel estatal
- **Regularización correcta** do cálculo de **sexenios e titoría**, conforme ao Acordo.

Ademais, coa publicación no DOG da [Orde do 23 de xaneiro de 2026 sobre instrucións de confección de nóminas para 2026](#), queda recollida expresamente tamén a parte fixa da suba para o 2026 que é dun 1,5%, pendente da evolución do IPC para sumar un 0,5% adicional.

Unha cuestión importante: rigor e responsabilidade

Nestes días asistimos a un intento, unha vez máis, de **apropiación do traballo realizado por CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP** para resolver esta situación. Fíxose mediante un anuncio precipitado por parte dunha organización sindical, mesmo antes de que se publicase a Orde de confección de nóminas para 2026 e, polo tanto, sen base suficiente para confirmar que o asunto quedaba efectivamente corrixido.



O que non conta a Xunta

Data de publicación: 16/01/2026

Estas días interesadamente a Xunta aparece como a “executora” dunha suba que obviamente nada ten que ver con ela, mais entre a propaganda auspiciada polos medios públicos e os subvencionados en Galiza e o feito de que o persoal docente reciba a nómina da Consellaría pode dar lugar a confusión. O salario do profesorado galego está composto por varios conceptos dos cales **o complemento específico, as titorías, os sexenios e os complementos por cargos son competencia da Xunta**. Como ben saben as máis de 30.000 docentes que traballan para a Consellaría de Educación as últimas subas aplicadas polo departamento de Román Rodríguez foron as do Acordo de Melloras que se resumen **nun 10% na contía da titoría e dos sexenios nos anos 2024 e 2025 e para determinados colectivos con cargos, inspeccións e asesorías**. Con todo, nesta suba, a das titorías e dos sexenios, a CIG-Ensino advertiu unha trampa a comezos do ano pasado que **denunciou publicamente e que levou á Mesa Sectorial**: o incremento que había que aplicar en 2025 nestes dous conceptos non estaba calculado sobre a contía final de 2024 senón sobre a de 2023.

A CIG-Ensino vén de comprobar que a súa denuncia e insistencia serviu para que a Xunta regularizara na nómina de decembro tamén esta deficiencia e aplicara a suba íntegra do 10% na titoría e nos sexenios sobre 2024. Aínda que tarde, coma sempre, a Xunta acerta cando rectifica. Con todo, **non hai prevista no horizonte**



O profesorado non merece anuncios interesados, senón **información verificada**, datos contrastados, cifras comprobadas e un traballo preciso desenvolvido tanto na vía xudicial como nos espazos de negociación e seguimento xa existentes. **En particular, na comisión de seguimento do Acordo, á que se incorporou CSIF hai poucas semanas, tal e como pode facer calquera outra organización sindical.**

Pola nosa parte, seguiremos traballando polo desenvolvemento continuo do Acordo e polo seu cumprimento. Esperamos poder informar de novidades nas vindeiras semanas.